

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS EN PROL DAS PERSOAS AFECTADAS DE ENFERMIDADES REUMÁTICAS E MUSCULOESQUELÉTICAS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 27.10.2021 o convenio arriba referido coa Liga Reumatolóxica Galega, por un período de vixencia de un ano, contado dende o día seguinte da súa sinatura, podendo as partes acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Liga Reumatolóxica Galega para o desenvolvemento de accións conxuntas en prol das persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas, así como do seu contorno familiar e convivencial.

Que é propósito deste convenio realizar actividades e proxectos de colaboración en asuntos que resulten de interese para as institucións asinantes, vencellados á:

- a) Posta en marcha de campañas de formación comunitaria dirixidas ao diagnóstico precoz.
- b) Programación de actividades psicoeducativas para cuidadores non formais (contorno familiar e convivencial).
- c) Participación en obradoiros e conferencias de natureza divulgativa.
- d) Difusión de información de interese común a través dos soportes de comunicación dos que dispoñen as partes asinantes.
- e) Cesión puntual de espazos para o desenvolvemento de actividades relacionadas cos fins deste convenio.
- f) Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos de interese común.
- g) Realización de actuacións análogas ás recollidas nos apartados anteriores, sempre e cando teñan cabida no obxecto e fins das dúas partes asinantes do convenio.

Que de conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o idóneo desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Liga Reumatolóxica Galega é unha entidade privada, non gobernamental, sen fins lucrativos, considerada de utilidade pública, que traballa na atención a persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas e as súas familias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que de conformidade coa súa norma estatutaria, son fins da referida Asociación, entre outros, “*garantir a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas e das súas familias e/ou referentes*”, poñendo en marcha mecanismos que favorezan a agrupación das persoas afectadas destas doenzas en Galicia, sensibilizando á opinión pública, ás administracións e autoridades sanitarias acerca da problemática persoal, social, emocional, asistencial e familiar que levan consigo estas enfermidades.

Que o Servizo Galego de Saúde e a Liga Reumatolóxica Galega están interesados en desenvolver liñas de traballo conxunto que redunden positivamente na atención a persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas, así como nos seus familiares e achegados.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

